

MEMORIA DE DESMEMORIA

Adela Clorinda Figueroa Panisse combinou a formación científica coa vocación literaria, exerceu a docencia en paralelo ao publicismo periodístico, practicou o activismo ecoloxista ao tempo que o lingüístico e cultivou os xéneros máis variados (poesía, narrativa, ensaio), mais, pese a tal variedade, mantivo sempre un compromiso fulcral con Galicia que unificou todas as súas actividades cunha lealdade profunda ás persoas, as terras e aos principios que a marcaron dende nena. Produto integral deste apego é a súa novela *As mulleres da Casa da Bouça da roupa estendida*, sen dúbida escrita pola creadora literaria que é, pero tamén pola bióloga, pola profesora, pola opinante, pola lusófila e pola militante de Galicia, do galego e da memoria feminista, republicana e galeguista.

Tal fidelidade maniféstase xa integralmente dende o limiar deste libro, no que a autora recoñece como mestre e amigo o polígrafo Ricardo Carvalho Calero, con quen en efecto compartiu e comparte moito da súa concepción de Galicia e do galego dende que foi alumna súa no Colexio Fingoi de Lugo. Ademais, a reprodución do estarrecedor poema autobiográfico do encarcerado e represaliado Carvalho, titulado “Como podemos vivir”, pon de manifesto que con el comparte tamén a súa óptica sobre a nosa memoria histórica, centrada tanto na denuncia dos terribles sufrimentos padecidos a causa do fascismo como no irreductible compromiso coas ideas democráticas e galeguistas. E coa mesma digna fidelidade, a autora recoñece no epílogo o maxisterio particular do benemérito mestre así mesmo represaliado Gregorio Sanz.

Anuncia xa o limiar a dor dos vencidos e das vencidas durante a terrible guerra civil e a “pobre, fechada e triste” posguerra franquista que se vai retratar, pero tamén a referencia ao período previo ao golpe de estado de 1936,

tempo esperanzador que en efecto servirá de enlace a través da memoria e do exilio para a resistencia contra a aculturación e a ditadura. Porque, en efecto, malia todo, puido preservarse dalgún xeito “o arraigo, o abrigo e a identidade”, segundo a autora a través especialmente da familia, quizais pola súa propia experiencia, pois non en van é filla do médico e farmacéutico represaliado Antón Figueroa Mosteiro, un dos fundadores das Mocidades Galeguistas de Lugo durante a II República. Trátase pois dunha obra chea de crueldade e de horror, pero tamén contén a beleza da terra, neste caso a do Incio, e da vida, sobre todo a través do amor e da esperanza nun futuro mellor, sen deixar de ser consciente da necesidade dun certo idealismo xeneroso para poder avanzar.

Mais esta novela que tan ben representa a novelista presenta visións diferentes e complementarias de Galicia, pois comeza sendo biolóxica e etnográfica, ao xeito Ánxel Fole (por certo, moi amigo do pai da autora, a quen de feito me presentou dito escritor), o gran narrador da terra brava do Incio, e prosegue sendo social e política á maneira testemuñal do memorialismo histórico e intrahistórico da guerra civil e da violencia machista. Ademais, a retrospección á guerra colonial de África ou á ditadura de Primo de Rivera e ás súas repercusións en Galicia dota o relato dun certo efecto de novela-río transxeracional.

A Galicia inciana, plena de verde e variada vida natural, móstrasenos dende o principio a través da morriña das carballeiras e dos soutos, dos regos e dos lameiros, das herbas e das vacas, dos castiñeiros rebordantes e dos sabugueiros en flor... Como Fole e tantos pintores literarios da tradición galeguista, a autora pon en evidencia a emoción ante a paisaxe, pero sen esquecer denunciar o abandono feísta, a especulación usureira e o urbanismo descontrolado que tantos estragos fixo e fai en Galicia.

Agora ben, a “domesticada” paisaxe galega está sempre habitada e a morriña desta cobra tamén unha foleana e perspicaz dimensión etnográfica na que se evocan os carros renxendo cargados de herba, as sebes que marcan adornando os deslindes das leiras, a danza laboral da sega comunitaria, a construción tradicional dun palleiro e a casa feita con xisto do Incio. Nestas observacións non falta tampouco a divertida etimoloxía popular á que tan afeccionado era Fole, como a relativa ao “haiga”, nin por suposto a evolución da cultura material, dende a desaparición das zocas á implantación da cociña de ferro chamada económica ou bilbaína. Particular atención préstase aos labores gastronómicos realizados por mulleres poñendo o pote a ferver caldo de castañas ou verzas ou a cocer carne de porco na lareira, cando non preparando rosquillas de anís, filloas de mel ou mazás asadas. Mais as mulleres tamén tricotan na vivenda ou fan as medas tras a seitura. A elas, mantedoras da vida cotiá, débense as sabas limpas na cama e a roupa lavada estendida na varanda que dá título á novela. E algunha aínda conserva a estigmatizada pero útil sabedoría tradicional do valor terapéutico das herbas.

O aspecto social e político preséntase xa dende o principio a través da emigración e do exilio, pois trata da volta dunha fuxida que tivo que ocultarse, por dicilo co estilo sempre biolóxico da autora, coma unha limacha por montes de coellos e lobos. En efecto, a emigración a Lugo, a Bilbao ou a Barcelona trouxo consigo abandono e despoboamento do mundo rural; o exilio ás Américas trouxo consigo abandono da cultura galega e mesmo da cultura en xeral, pero ambos os fenómenos estiveron provocados na posguerra pola mesma ruínosa ditadura que non permitiu sobrevivir en condicións de dignidade material nin cultural..

Por isto, as referencias culturais galegas aludidas nesta novela remóntanse ao período prebélico, como o roman-

ce do Don Gaiferos de Mormaltán, a poesía de Rosalía de Castro ou a afirmación lingüística das Irmandades da Fala. Testemuñalmente, dáse conta tamén das lecturas xuvenís da época: contos fantásticos, fábulas ilustradas, novelas de aventuras e de formación masculina e feminina... Aparecen tamén contos populares, como o do raposo e a aguiá ou o do navegante bébedo, así como a adiviña sobre nabo, nabiza e grelo. E alúdese á conexión lusa a través dos encontros galaico-portugueses con Teixeira de Pascoaes en Amarante. En contraste con todo isto, a escolarización posbélica reflíctese en toda a súa crueza diglósica e clasista, así como no auto-odio galegófobo dos vencedores.

A cultura humanista e enraizada no país está representada polo mestre republicano que retornara da emigración, personaxe que tanto lembra outros mestres reais asasina- dos ou represaliados, pois nesta historia de barbarie ecoan constantemente modelos reais, dende os das mulleres protagonistas ata outras vítimas do fascismo, como o do arras- trado polo seu cabalo. Dá a impresión de que a autora tive- se escoitado dende nova algunhas destas peripecias entón ocultadas pola ditadura, igual que tamén as relativas a per- sonaxes explicitamente históricos como o doutor Rafael de Vega Barrera ou o gobernador Ramón García Núñez. Ademais, alude a feitos que pode lembrar persoalmente, como o faladoiro lucense do Café Méndez Núñez, ao que acudía seu pai e, de vez en cando, o galeguista Ramón Piñeiro, ficcionado criticamente na novela.

A protagonista encarna o punto de vista máis esquerdis- ta do exilio galeguista en América, polo que non concorda coa reforma sen ruptura do réxime franquista que represen- tou a Transición, operación que sancionou a permanencia dos mesmos poderes establecidos e o esquecemento do legado republicano. Esta visión crítica atinxe á reconver- sión política, ao caciquismo social, á aculturación centralis-

ta, mesmo á desestruturación total. En contrapunto,ponse de manifesto o espírito emprendedor da emigración galega na Arxentina e nos Estados Unidos.

Pero o núcleo dramático da obra céntrase na vivencia das mulleres, apartadas pola Igrexa da cultura, atacadas polo bestial machismo dominante e finalmente perseguidas polo fascismo por ter ideas propias. A traxedia desátase pois con moi consciente perspectiva de xénero, pero sempre latexa con esperanza a realización persoal e a rebelión solidaria das mulleres dignas e libres ante a violación, o aborto, a rexouba ou a represión liquidacionista. Destácase por isto a colaboración labrega e feminina coa guerrilla antifascista galega, primeira e última en combater aos sublevados, en contraposición aos prexuízos que esvaen tan sacrificada e comprometida loita. Mais correlativamente tampouco se oculta a persecución asasina levada a cabo en Galicia polas sinistras escuadras negras dos falanxistas a través das súas delacións, sacas e paseos.

As idas e vidas das protagonistas por diferentes países e lugares permiten ademais establecer analoxías e contrastes moi notorios entre eles. Entre as primeiras, a comparación do Incio coas dondas cuíñas e doces outeiros de Nova Inglaterra; entre as segundas, a diferente percepción da paisaxe de quen viviu no medio rural galego fronte a quen se criou nunha megalópole americana. Destas distintas perspectivas proveñen tamén observacións lingüísticas e literarias, por exemplo en torno á diferenza entre o flan e o *puding* ou ao tópico da infancia acollida en orfanatos imposto pola novela romántica inglesa. Os choques culturais van dende a indumentaria (a minisaia do Londres dos 60) á gastronomía (o xabarán con castañas do Courel), pero os encontros son ás veces cinematográficos (o *western* de John Ford, o aspecto de Clark Gable). E a incrustación final de cartas cruzadas entre os personaxes abonda no perspectivismo epistolar fundado por Montesquieu.

Mais o que prima nesta novela, como se reafirma na intertextualización de versos do poeta lucense Luís Pimentel e no propio epílogo da autora, é a reivindicación da memoria das xentes da Galicia rural, emigrante, represaliada e exiliada, sen dúbida as que máis padeceron a inxustiza e a opresión durante o século XX, nun xusto xesto que busca verdade e reparación históricas, pois daquelas persoas provimos e a elas debemos o mellor que temos.

Claudio Rodríguez Fer

ÍNDICE

| | |
|---|-----|
| Memoria de desmemoria | 7 |
| <i>Claudio Rodríguez Fer</i> | |
| As mulheres da Casa da Bouça da roupa estendida | 13 |
| COMO PUDEMOS..... | 14 |
| 1. A visita | 16 |
| 2. A casa da Bouça..... | 26 |
| 3. Mudanças..... | 33 |
| 4. O jogo do pensamento em vela | 45 |
| 5. A clandestina | 50 |
| 6. Uma curta aventura revolucionária..... | 52 |
| 7. Morrinha | 63 |
| 8. O choque da vida | 68 |
| 9. O restaurante sobre o vale..... | 79 |
| 10. El chamizo del índio gallego..... | 83 |
| 11. O tio Emílio | 85 |
| 12. A fuga | 92 |
| 13. A inocência perdida..... | 104 |
| 14. Mariquinha..... | 125 |
| 15. Tempos revoltos..... | 128 |
| 16. Silvério | 132 |
| 17. E chegou a república | 137 |
| 18. A volta a casa | 141 |
| 19. O lar..... | 145 |
| 20. A guerra | 148 |
| 21. O cerco | 149 |
| 22. Rosa..... | 161 |
| 23. Correspondência ultramarina | 164 |
| Epílogo..... | 177 |
| IV Romance popular | 183 |
| Anexos | 185 |